



## I JOSIÑO BIKE RACE

### REGULAMENTO “JOSIÑO BIKE RACE”

#### **Artigo 1. Presentación.**

O domingo (29 de ABRIL de 2018) celebrarase a primeira edición “**JOSIÑO BIKE RACE**”, organizada polo Club Ciclista Ponteareas coa debida autorización da Federación Galega de Ciclismo y organismos competentes, con saída e chegada na Finca do Club Ciclista Ponteareas Barrio das cachadas S/N Ponteareas (Pontevedra).

#### **Artigo 2. Carácter da marcha.**

A marcha, que terá carácter non competitivo, queda regulada segundo o Regulamento de Cicloturismo-Ciclismo para todos, conforme ó disposto en dito Regulamento, así mesmo, esta marcha quedará sometida as disposicións dos artigos 15 e seguintes do anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenrolo do texto articulado da Lei sobre Tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Legislativo 339/1990, de 2 de marzo, excepto os ciclo maratóns e as excursións colectivas, as cuais estarán sometidas as normas xerais de circulación.

#### **Artigo 3. Participación.**

A participación na “**JOSIÑO BIKE RACE**”, será libre a todo tipo de ciclista que teña posesión da licenza federativa do ano en curso, sendo a idade mínima para participar de 15 anos, os que non posúan dita licenza, poderán tramitar a mesma, por un día, cun costa adicional de 10€.. ata un límite máximo de 400 participantes.

#### **Artigo 4. Inscripción e importe de la mesma.**

A inscrición anticipada abrirase o 31 de xaneiro e pecharase o día 25 de abril de 2018 as 23:59 horas, salvo que se chegue ó número máximo de participantes, ante o cal pecharase a inscrición anticipada con antelación a data prevista.

A inscrición porase facer a través da web da empresa Cronotec no seguinte enlace web: <http://www.cronotec.es/informacion-2.html>, Será necesario cubrir a ficha de inscrición e abonar o prezo de 10€ na conta bancaria que se indica. .

Non se realizarán inscricións no mesmo día da proba.

No momento en que se confirme o pago, asignarase a cada participante un número de dorsal que será persoal e intransferible.

Importe da Inscripción:

10 Euros



## I JOSIÑO BIKE RACE

### **Artigo 5. Dorsais.**

Os dorsais entregaranse na zona de saída no mesmo día da proba (29 DE ABRIL) en horario de 08:00 a 09:30. e no Club Ciclista Ponteareas o día anterior dende as 16:00 a 20:30.

O dorsal terá que colocarse no manillar da bicicleta co mecanismo de suxeición que facilite a Organización.

### **Artigo 6. Horario.**

A “**JOSIÑO BIKE RACE**”, dará comezo as 10:00 horas do 29 de abril de 2017 e pecharase a chegada as 14:00 horas, salvo que tódolos participantes rematasen a proba antes desa hora, intre no que se pechará dito control.

Quen voluntariamente, decidise continuo o percorrido marcado da proba sen o permiso dos responsables da organización, quedarán excluídos da mesma así coma da cobertura xeral e legal da marcha, pasando a ser usuarios normais das vías públicas baixo a súa total responsabilidade.

Así mesmo quedarán excluídos da proba e da cobertura xeral e legal da marcha, pasando a ser usuarios normais das vías públicas baixo a súa total responsabilidade aqueles participantes que decidiran abandonar voluntariamente a marcha en calquera dos puntos do traxecto, sin contar coa colaboración da organización.

### **Artigo 7. Control de tempos.**

Cronotec

### **Artigo 8. Avituallamentos.**

A organización habilitará un punto de parada e reagrupamento da marcha, que a súa vez será utilizado como avituallamento sólido e líquido.

### **Artigo 9. Obsequios.**

Os participantes na proba, recibirán o día da mesma un obsequio conmemorativo da mesma.

### **Artigo 10. Servizos.**

Porase a disposición dos participantes unha zona de aparcamento.

Porase a disposición dos participantes duchas que estarán situadas no polideportivo municipal, sito moi preto da liña de chegada.

Porase a disposición dos participantes un lugar habilitado para o lavado da bicicleta.

Unha vez finalizada a proba a organización obsequiará a tódolos participantes cuns aperitivos e bebidas refrescantes pra recuperar enerxía.



## I JOSIÑO BIKE RACE

### **Artigo 11. Motivos de descualificación.**

1. Non levar casco ríxido homologado durante toda a proba.
2. Realizar calquera acción voluntaria que poida danar o entorno natural.
3. Tirar calquera tipo de lixo durante o percorrido fora dos contedores facilitados pola organización.
4. Non realizar o percorrido completo da marcha atallando, abandonar o percorrido delimitado e/ou non pasar por algún punto de control.
5. Non levar o dorsal colocado no manillar, ocultalo ou manipulalo.
6. Participar co dorsal asignado a outro participante ou non autorizado pola Organización.
7. Realizar a inscrición con datos falsos ou alterados.
8. Manifestar comportamentos non deportivos e/ou non respectuosos para cos membros da organización, colaboradores, público e resto de participantes.
9. Enganar ou ocultar mal intencionadamente información do percorrido durante a proba a outros participantes.
10. Ser responsable ou participe negligente nun accidente no que se vexa envolto con outro participante.
11. Manifestar claros síntomas de malestar físico que poidan derivar nalgún agravamento da saúde.
12. Ser remolcado por calquera vehículo en calquera forma.
13. Ser acompañado durante o percorrido da marcha por vehículos a motor.
14. Calquera outro motivo non reflexado entre os puntos anteriores que se considere punible de sanción.

### **Artigo 12. Responsabilidade.**

No intre da inscrición cada participante pon de manifesto que se atopa nunha forma física e psíquica óptima para participar nesta proba e asume de igual maneira, o risco que comporta a práctica deportiva.

A organización non se fará responsable dos danos, prexuízos ou lesións que puideran sufrir os participantes desta proba ou aqueles que poidan ocasionar a terceiros, así como tampouco de cantos gastos débedas ou danos puidera contraer no transcurso do evento. A organización tampouco se fará responsable das avarías sufridas nas bicicletas como consecuencia da práctica deportiva.

O participante renuncia, polo tanto, a emprender accións legais que puideran derivar da súa participación na proba contra a organización da mesma.

O participante no intre da inscrición manifesta que coñece o paso da marcha por estradas nacionais, comarcais e locais, quedando obrigado a cumprir as normas de circulación vial vixentes, sendo o único responsable das infraccións que puidera cometer.



## I JOSIÑO BIKE RACE

En caso de suspensión ou aprazamento da marcha, por causas de forza maior a organización non asumirá ningún tipo de responsabilidades nin o abono do coste da marcha.

### **Artigo 13. Cambios.**

A Organización reservarase o dereito de realizar calquera tipo de cambio de carácter organizativo que sexa en beneficio dos participantes, debendo comunicar ditos cambios, no caso de que se produzan, antes da saída en calquera momento e polo medio que estime mais oportuno.

A Organización reservase o dereito a suspender ou aprazala proba cando observe un risco inherente para a seguridade dos participantes ou si así llo manifestasen as Autoridades competentes.

### **Artigo 14. Aceptación do Regulamento e declaración.**

Ó inscribirse libre e voluntariamente, o participante na marcha declara coñecer e aceptar plenamente este Regulamento, e no caso de dubida ou de surxir algunha situación non refrexada no mesmo, prevalecerá o que dispoña a tal efecto a Organización.

No intre da inscrición o participante declara o seguinte:

*Declaro ó inscribirme na “JOSIÑO BIKE RACE”, :*

- Coñecelo contido do Regulamento da mesma, o que acepto na súa totalidade.
- Coñecelo carácter cicloturista desta Marcha conforme ó estipulado no artigo 2 deste Regulamento.
- Coñecer que a proba discorre nalgúns tramos por vías públicas abertas ó tráfico.
- Aceptalos riscos inherentes a participación de dita proba aberta ó tráfico.
- Comprometerme a cumprir as normas da Lei de Seguridade Vial e do seu Regulamento, velando pola miña seguridade e a do resto de participantes e usuarios da vía pública.
- Eximir a Club Ciclista Ponteareas, ou/e a calquera persoa física ou xurídica vinculada coa organización da proba, das responsabilidades derivadas de calquera accidente causado tanto por motivo de feitos da circulación como por accidentes deportivos.
- Eximir ós anteriormente sinalados de calquera prexuízo que, por mor da saúde, puideran derivarse da miña participación nesta marcha cicloturista, asumindo persoalmente o risco inherente para a saúde que supón o esforzo físico requirido para a participación nesta proba.

*Coñecer e aceptar, por ter sido informado de:*

- A existencia de todo tipo de vehículos alleos a Organización circulando polo percorrido da proba.
- Que ditos vehículos circulan como usuarios normais das vías públicas.
- Que me podo atopar con todo tipo de vehículos circulando tanto en sentido contrario ó da marcha da proba coma no mesmo sentido o desenrolo da mesma.
- Que existen cruces na proba podendo non estar controlados, nos cais poden incorporarse vehículos.
- Que existen tramos perigosos nos que deberei extremala precaución.



## I JOSIÑO BIKE RACE

- Que existen descensos prolongados con curvas nos que moderarei a velocidade a fin de evitar danos propios e/ou alleos.
- Que existe a posibilidade de sufrir un accidente deportivo inherente a práctica do ciclismo, asumindo persoalmente a responsabilidade dos accidentes que puidera causar a calquera participante da proba, excluindo a Organización de calquera responsabilidade derivada destes accidentes.
- Que existe a posibilidade de causar un accidente a un terceiro alleo a proba, asumindo persoalmente a responsabilidade íntegra deste accidente y excluindo a a Organización de calquera responsabilidade derivada destes accidentes.
- Autorizar a Organización ó uso de fotos, vídeos e nome completo na clasificación da proba, nos medios de comunicación e/ou Internet, sen esperar pago, compensación ou retribución algunha por este concepto”.

### **Artigo 15. Dereitos de imaxe.**

A inscrición na proba e a aceptación do presente Regulamento, implica que o participante da o seu consentimento á Organización para a captación da súa imaxe por distintos medios (vídeo, fotografía, etc.), presta a súa autorización ante a posible difusión da súa imaxe en diversos medios e formatos (prensa, Internet, etc.) e cede os dereitos comerciais e publicitarios que puideran ocasionar ditas imaxes, renunciando, en todo caso, a recibir compensación algunha por ditos conceptos.

### **Artigo 16. Garantías.**

O tratamento que dos datos persoais dos participantes se realizará conforme a Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, estando destinados os mesmos a xestión administrativa da proba.